

**PARTE I**  
**O SANTUARIO DOS EMBRUXADOS**



## I

### O abade Augusto

María Becerra, barregá e bacante sen moito beneficio, acorda de socato cun home no seu leito. De esguello descobre divertida o abade Augusto, de costumes licenciosos e bandullo de batracio, de pálpebras inchadas e ollos de becerro. Ceiba en urro ancestral unha gargallada estrondosa, que fai acordar a todos aqueles aos que o galo deixara indiferentes.

Volve cantar o galo negro, que é máis amigo do demo que de Deus, e que se cadra por iso ten tanta xenreira ao alborexar do novo día, que disque é criatura do averno e da escuridade. Vai frío de vez e os vidros da fiestra deseñan a súa contorna cuns bafos de condensación, que filtran a luz do sol, moi feble aínda, nesta escuridade donda, que amolece os relevos e todo deforma.

María Becerra dá un chimpo do leito e arrebola as mantas deixando espido o abade, que de frío e de sorpresa se recolle sobre si mesmo, coma bóla de graxa ou pangolín en placas.

—Que fas, putón, non ves que estou espido? Que demo te leva a arramplar coas mantas dese xeito?

—Non me sexa exquisito, señor abade. Non veña agora con frío e frío. Ben quente que estaba onte, que non me deixou acougar deica ben entrada a noite, e non faltou burato do meu corpo que a súa lingua non explorase, que empurrou por diante e por detrás, coma só fan as animalias cando lles asalta o ferver do sangue, que me virou do revés para o dereito e do dereito para o revés coma se fose vexiga de becho e non muller feita, que me rompeu as entrañas de tantas e tan variadas formas que fodeu en min, que non sei en que tratos endiañados e con quen puido aprender semellantes mañas.

—Eu non aprendo María, senón que invento, que é cousa ben diferente. Pura revelación que asolaga o meu ser e dirixe o meu comportamento.

—Non mesture as cousas sagradas, señor abade, que un día vai ter que dar conta de tanta confusión.

María Becerra achégase á fiestra. Ábrea de par e par e asoma ao beiril, deixando as follas prendidas en fallebas. Logo de saloucar, coma se deixase fuxir un desacougo, berra para que o que teña oídos escoite:

—Aquí, no meu leito de puta recoñecida e arrastrada polos campos do pecado, fica o señor abade Augusto, fillo de familia nobre e de muller corrida na lama!

Xa logo, adoptando o ton de quen anuncia as máis variadas mercadorías, levando no seu carromato elixires e apócemas para curar os males todos, continúa:

—Acudide ver o prodixio de como escorrenta os demos! El, que é o mesmísimo fillo do diaño, parente de lesmas e cans sen dono, curmán preferido dos nados na sombra! Vinde espantar o tangaraño, as posesións demoníacas e o mal de ollo! Vinde subir a palletiña e curar de males presentes e futuros os energúmenos todos! Acudide, hoxe, no

campo da festa, no adro de San Andrés. Alí fará o señor abade os seus exorcismos sagrados, quitará meigallos e esconxuros! Alí mesmo, a carón da Nosa Señora e de todos os santos xuntos, vencerá os enviados de Satanás e Belcebú! Alí mesmo fará volver ao rego os anxos caídos en desgraza! Vinde quitarvos o tangaraño!... Acudide todos!... No adro de San Andrés!... O abade Augusto... o mesmísimo fillo do demo!

María Becerra estoupa entón nunha gargallada fusca.

Incorpórase o abade do leito, de cabelos enleados e ollar vidroso, de colo de touro e peito de lareira, de coxas de alabastro e barba de penitente, de mans coma gadoupas e brillo nas tempas. Dun arrebolo viste a sotana sobre os ombros a xeito de casula erguéndose do leito dun chimpo, amosando o seu poderío atlético, de anxo exterminador ou fillo das tebras.

—Deixa de berrar prenda, que traballo non ha faltar sen necesidade de montar semellante balbordo nun día santo como hoxe é. Que queres con tanto escándalo, que non teña tempo para estar contigo? Seica tes mellores pretendentes?

—Mellores non sei dicir, señor abade Augusto, pero máis espléndidos coa bolsa pode acreditar que teño máis dunha ducia a me facer a espera, para en canto eu saia por esa porta encherme de aloumiños, de moedas de boa prata e regalos de moito estilo. Que vostede é abundante en todo agás nos agasallos, que nesas ben ruín que é.

—Ben desagradecida es, rula. Non che dei xa un mando de indulxencias plenarias e mesmo unha Bula Pontificia para poderes comer carne cando queiras, nas sextas feiras e nos moitos días de abstinencia, que no ano son máis dun cento? Non son cartos, mais son privilexios que dan os cartos, eses que só teñen fidalgos e señores da vila e non aqueles que

viven polas súas mans. Ademais, bebes do viño de misa consagrado, mel para os teus beizos e bálsamo para os teus pecados de luxuria, e comes dos ovos e das galiñas que os paisanos traen á reitoral como décimos e primicias, que ben que enchen o bandullo e estimulan os puxos.

María Becerra recúa. Ergue a man dereita facendo emerxer o furabolos indicador, para reafirmar cun xesto que o que agora vai dicir é a esencia da verdade do que pensa, unha máxima a tomar en consideración, unha idea central no seu adobío de sentimentos. Pousoña, retoma o seu discurso.

—Non se merca carne nin viño con indulxencias. Vostede debería de o saber mellor ca min, que non fai máis que pedir e pedir, vivindo do que outros dan. Eu nada teño senón o produto do meu traballo. Nada pido máis que o que me queiran dar por lles quentar o corpo, nin a vostede nin aos outros que se achegan con fame atrasada para os seus desafogos de homes feitos. Non vaia pensar o señor abade que por ser home de Deus é o único que me dá satisfacción.

O señor abade achégase á almofía e ao espello encimado con anxións gravados na madeira de buxo que o enmarca. Con enerxía molla o rostro de boi rubicundo para así espelir o ánimo. Observa a María Becerra dende un ángulo do espello, en inesperada anamorfose. Enxuga o rostro e diríxese paseniño cara á onde ela fica, mentres dulcifica a voz, coma se estivese no púlpito engaiolando beatas na misa da novena de ánimas.

—É para a Igrexa, María. O que eu pido é para a Igrexa, María.

Virando o pescozo ata o límite do arco, o abade fita con intensidade de réptil os ollos atrevidos da barregá. Ela semella indecisa, sen saber se permanecer do lado da fiestra

devolvéndolle retadora a ollada de xenreira, ou virar cara ao escuro por mor de evitar a ollada inquisidora do abade, que parece anticipar condenas e torturas. Logo duns intres de dúbida, que os dous perciben diferentes en duración e intensidade, sen se mover do posto, espétalle:

—Algunha tallada quitará vostede. Digo eu que o señor abade non é parvo.

O abade Augusto recúa, vencido pola sorpresa do ataque inesperado, traizón presentida de quen pretendía fose unha aliada.

—Abofé que por parvo non me teño, raíña. Xamais dixeron tal cousa de min, mais as esmolas todas van para as arcas do Pazo Arcebispal de Compostela. Hai cousas sagradas, miña rula, que está ben claro nas escrituras que hai que lle dar a Deus o que de Deus é. Iso é o único sagrado. O demais son lerias e latíns que o pobo repite e que as máis das veces non entende.

O abade Augusto achégase á fiestra e suxeita a María Becerra polo van, atraéndoa cara a si con violencia. Bícaa na caluga e nos ombros espidos aínda, e suxeítaa con forza de titán e intencións non disimuladas.

—Ves como hai cousas sagradas, rula. O amor é sagrado e eu practico dende ben mozo a relixión do amor. Non o esquezas nunca, miña raíña, a relixión do amor e non cousa maior nin menor. A relixión dos pobres e dos escollidos de Deus!

Entre saloucos María Becerra dá un paso atrás querendo afastarse do tonsurado, que arremete contra ela levado de urxencias matinais, facendo exaltación expresa da súa virilidade e das ansias de posesión, bicándoa nos peitos e pasando a man polos seus cadrís arredondados.

—Non siga por ese camiño, que nada vai conseguir de min de boa mañá. Xa non son moza, ándolle cansa e non teño ganas de lerias denantes de almorzar. Fagamos as cousas no seu punto. Primeiro o almorzo, que ben famenta que estou e con ansias de quentar o bandullo. Despois da misa, que por certo xa lle é tempo de se erguer para celebrala, xa haberá ocasión para lle dar ao corpo outras satisfaccións. Todo ao seu tempo, señor abade, que a paciencia é unha virtude...

—... que moi poucos posúen, María, que moi poucos posúen... e ben sabe Deus que non foi con ese don que eu nacín, que son de natural sanguíneo e un punto revirado.

Logo de vans intentos de atraela cara a si e vendo o mingrado éxito no empeño, o abade desiste e regresa ao leito. Colleu frío e quere mornear un pouco o corpo. Aínda é cedo e non é cuestión de arrefriarse sen necesidade. Chama con acenos excesivos por María Becerra, que comezou a vestir o corpiño, a saia e outros adobíos para se preparar para o almorzo, mais ela non colle recado e continúa dándolle as costas cun pudor acabado de estrear.

Olla o abade para María Becerra cunha mestura de lascivia e de xenreira, pois quixera dar satisfacción inmediata aos seus desexos libidinosos. María, pola contra, mírao de esguello, sen se atrever agora a ollalo de fronte. Anúncialle que vai baixar ao sobrado para quentar as papas no tixolo que hai na trepia, e que non ten intención de agardar que el baixe para desfacer o seu xaxún.

—Baixe o señor abade cando estea pronto, pero esta menda non vai esperar aquí de parva. Tárdame sentir o cheiro a pan quente e fariña milla!

Engrúñase o abade no leito, e faille acenos de que o deixe monear máis unha chisca, que non o incomode e que



non lle fale de comer, pois el ten que dicir misa en xaxún, para se alimentar do corpo do Redentor en perfecto estado de pureza de espírito. Non fala da pureza da carne por non ser albo das rexoubas da pousadeira, sempre coa lingua pronta a retrucar.

María Becerra entorna a porta e baixa os chanzos con moito coidado, pois case non hai luz nas escaleiras, que renxen ao seu paso coma se estivesen a piques de quebrar. É o seu costume diario ser a primeira da casa en erguerse do leito e prender o lar para enfornar a masa que levedou durante a noite e, daquela, facer o pan, que ten de constituír o principal do almorzo dos moradores da fonda e daqueles viaxeiros que se acheguen ao longo do día.

No medio do curral cantou o galo negro, que empoleira na percha impregnada de merda reseca. Na corte, os cabalos, esporeados polo rebumbio de galiñas e parrulos, rinchan pedindo a súa ración de palla e gran de cebada. As vacas, diante de tanto balbordo, ceiban tamén o seu desgusto nun ton máis sosegado, á espera de seren muxidas polas mozas que atenden a fonda. As mozas xa logo van erguerse do leito en canto escoiten a súa ama abrindo as pesadas contras das fiestras do baixo e retirando as trabes que atrancan o portón que dá ao portal onde están os mazadoiros para acoller os viaxeiros, que en argolas de ferro ancoradas na parede de perpiaño enganchan as cabalerías.

A luz penetra pola fiestra orientada ao sol nacente. O abade murmura uns latíns que serán o seu primeiro rezo do día, en acto de perfecta contrición por todos os pecados cometidos e polos que de certo virán, de palabra, obra e pensamento, por suposto, que é sabido que de omisión é do que o señor abade Augusto nunca pecou nin pecará.